

O SÉTIMO CONTINENTE

Michael Haneke, 1989

1735

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2026 | V.O.S.E. | 104 min

Unha familia burguesa decide desprenderse de todos os seus bens e vivir segundo unha concepción espiritual do mundo, que van levar até as últimas consecuencias. Baseada en feitos reais.

O pase inclúese dentro da actividade da Librería NUMAX PAPEL E PRATA e contará con presentación do escritor Antón Blanco Casás.

«Enormemente castigadora,
estrañamente fermosa e
extremadamente impresionante»

G.A., TIME OUT LONDON



A violencia contida do cotián

O sétimo continente é a historia dunha familia de clase media austriaca que podería ser calquera de nós. Unha familia que a pesar dos normais altibaixos, conta con bos traballos, bos ingresos e unha boa casa. Pero algo non marcha ben, algo non encaixa neste quebracabezas a priori idílico. Haneke non o conta todo, o seu xeito de presentar a historia deixa moito marxe á imaxinación. Ofrece unha serie de imaxes aleatorias da vida dos protagonistas, que parecen estar atrapados nun bucle de repeticións cotiás. O espectador ten que ir encaixando as pezas. Unha historia elíptica chea de longos planos estáticos de máquinas funcionando, de persoas traballando freneticamente, fundidos a negro, ausencia total de música (salvo a diexética) e por baixo de todo, reptando como unha serpe venenosa, a presenza dunha violencia contida que ameaza con estalar en calquera momento.

A segunda metade da película é especialmente perturbadora e desconcertante. Trátase dunha hora de planos fixos cheos de renuncia, destrución e morte. Nese momento o espectador dáse conta de que Haneke si nos estivo a ofrecer pistas a xeito de metáforas visuais. Foinos levando da man a través dese caos inconexo de xeito imperceptible. Por exemplo a relación entre os personaxes é fría e distante. Non hai case diálogos entre eles porque non se comunican. Parecen estar mortos emocionalmente, parécense moito aos peixes que nadan no acuario que hai na súa casa, onde viven nunha contorna segura e ben alimentados, pero en realidade están atrapados entre esas catro paredes de cristal nun patético simulacro de vida. A metáfora do túnel de lavado tamén é moi poderosa: un entra dentro co seu coche e ao saír, o exterior esta limpo e brillante, pero no interior todo segue igual. Nada cambia. Crítica feroz ao culto á aparencia da nosa sociedade.

As imaxes da destrución de todas as súas posesións son brutais, hai unha frialdade e unha sistematización que perturba ata o indicible. É coma se quixesen borrar toda pegada do seu paso por este mundo. Destrúeno todo meticulosamente: mobles, obxectos, roupa, recordos, discos, electrodomésticos. O clímax chega cando guindan centos de billetes e moedas polo inodoro. Haneke fai un extenso plano fixo recreándose na destrución dun dos piares do capitalismo. Para moitas persoas será como unha herexía, como matar a Deus. Mesmo pode que para moitos espectadores esa destrución de diñeiro sexa máis perturbadora que outros actos violentos que veremos. Coido que o director austríaco, formado en psicoloxía e filosofía, contaba con iso. Outra imaxe recorrente ao longo do filme é a da praia, unha imaxe onírica e imposible que supostamente representa Australia ou que quizais simbolice o lugar idílico ao que quere escapar a familia cando desapareza.

A película está deseñada para perturbar, Haneke tensa a corda ao límite, pero non precisa escenas explícitas nin sanguentas, ofrece algo máis poderoso e efectivo: déixao todo á imaxinación do espectador. Haneke quere conectar con esa rexión escura da mente humana que todos posuímos, pero tamén quere tentar espertar a conciencia de que a historia que nos narra, tamén é en maior ou menor medida, a nosa, porque todo o que nos mostra é normal, terrorificamente normal e cotián. Do mesmo xeito que os feitos reais nos que esta baseada a película, *O sétimo continente* é unha lúcida advertencia da morte da nosa civilización.